



PROGRAMACIÓN DOCENTE DE **HARMONÍA E CONTRAPUNTO IV**

Curso 2024/2025

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLOS DECRETOS 163/2015 E 171/2016)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN												
HARMONÍA E CONTRAPUNTO IV												
ESPECIALIDADES:	Interpretación, Pedagogía						ITINERARIOS:			Todos agás Jazz		
CARÁCTER:	Formación básica						TIPO DE CLASE:			Colectiva		
DEPARTAMENTO:	Composición						XEFE DE DPTO.:			Paz Pita		
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:		Julián Rodríguez	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:		1,5	
ECTS/CUAD.				2					Observacións:		-	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS						EMAIL			TITORÍA		
	Julián Rodríguez						julian@edu.xunta.gal aula.ait.alumnos@gmail.com			Venres 10-11		
2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS												
DESCRITOR: Adquisición de coñecementos que faciliten a percepción, a interpretación, a reflexión e a documentación musical. Estudo do repertorio e do seu contexto estilístico. Desenvolvemento do oído, da escoita, da memoria e da intelixencia musical. Práctica escrita e instrumental dos diferentes elementos e procedementos harmónicos e contrapuntísticos propios dos distintos períodos da historia da música.												
COÑECEMENTOS PREVIOS: Os propios do remate dos estudos de grao profesional.												
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T4											
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X2, X8, X10, X11, X13, X15, X21, X22, X23											
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	Ei6, Ei7, EP1, EP3											
Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015 do 16 de novembro, anexo II, e no Decreto 171/2016 de 24 de novembro, anexo II.												



3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Coñecer os principios técnicos e estilísticos da música do posromanticismo, impresionismo, serialismo e linguaxe do cine/jazz representados nos seus principais compositores, escolas ou estilos.	T1, T2, T4 X1, X8, X11, X13, X15, X22, X23 EI6, EI7, EP1, EP3
Aplicar os coñecementos teóricos na práctica, a través da realización de exercicios de estilo	T1, T2, T3 X2, X8, X11, X13, X21, X22 EI7, EP3
Sintetizar as principais características técnicas e estilísticas dunha obra e argumentar a súa relación coa propia actividade creativa	T2, T3, T4, X1, X8, X10, X11, X13, X15, X21, X22, X23 EI6, EP1, EP3

4. CONTIDOS		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Romanticismo II	1.1. A harmonía no romanticismo tardío e posromanticismo A evolución cara a disolución da tonalidade. 1.2. Aplicación de recursos Estudo do uso das técnicas aprendidas na construción de melodías acompañadas na linguaxe posromántica.	2
2. Impresionismo	2.1. C. Debussy e M. Ravel: Tonalidade e modalidade 2.2. Material escalístico: Pentatónica, hexatónica e octatónica. Relación escala-acorde. Outras escalas. 2.3. Aplicación de recursos Estudo do uso das técnicas aprendidas na construción de melodías acompañadas en estilo impresionista.	6
3. Técnica serial	3.1. Construción de series dodecafónicas Criterios de deseño. Matriz dodecafónica 3.2. Aplicación de recursos Estudo do uso da técnica serial aplicada a pequenas formas musicais.	3
4. Outras técnicas harmónico-contrapuntísticas do comezo do século XX.	4.1 Aproximación ás técnicas escalísticas e harmónicas no cine. 4.2 As bases harmónicas e melódicas da linguaxe jazzística.	3
5. Repaso de contidos		2
	TOTAL SESIÓNS:	16



5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Clase maxistral Exposición do tema que se vai traballar con explicación de conceptos teóricos e mostra de exemplos prácticos: análise e audición de exercicios xa realizados, realización na aula ou obras que sirvan de exemplo, segundo o caso.	3	0	3
Análise de exemplos Análise e audición de obras do estilo do que deberán realizar os estudantes de cara a sintetizar as súas principais características técnicas e estilísticas.	2	3	5
Práctica individual Realización por parte do alumnado de exercicios prácticos do tema en cuestión, propostos tanto na clase como no Aula Virtual, e cun nivel de dificultade progresivo.	14	31	45
Corrección individual Corrección persoalizada da práctica individual.	3	0	3
Práctica/corrección colectiva Debate sobre a realización de determinados exercicios prácticos ou corrección colectiva de certos exercicios realizados individualmente (análises, etc.). Nos ordeadores persoais do aula, na pizarra e piano ou proxector con audición.	2	0	2
Actividades de avaliación: Entrega no Aula Virtual dos traballos propostos e controis teóricos.	0	2	2
TOTAL HORAS:			60

6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
Práctica semanal Avaliación continua da práctica individual, da asimilación da teoría (controis regulares), do uso dos recursos publicados no Aula Virtual e da participación nas actividades colectivas ó longo do cuadrimestre.	<ul style="list-style-type: none"> • Calidade, cantidade e presentación dos traballos realizados e entregados. • Corrección nos controis teóricos. • Correspondencia entre os traballos realizados na casa e na aula. • Evolución ao longo do cuadrimestre. • Acceso con regularidade (semanalmente como mínimo) aos arquivos e outros recursos publicados no Aula Virtual. • Asistencia, puntualidade e a actitude co docente, cos compañeiros e coa materia (corrección e produtividade). • Participación constructiva nas actividades colectivas. 	Todas	40 %



<p>Entrega de traballos</p> <p>Entrega de traballos prácticos baseados en melodías acompañadas, exercicios de síntese harmónica e pezas libres, que serán plantexados ó longo do cuadrimestre.</p> <p>Os arquivos e as diferentes datas de entrega iranse publicando no Aula Virtual da asignatura, así como no drive compartido.</p>	<p>Calidade (correcta aplicación de conceptos técnicos estudados, creatividade e musicalidade), puntualidade na entrega e correcta presentación dos traballos, realizados con editor de partituras e/ou de texto.</p>	<p>Todas</p>	<p>60 %</p>
<p>6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)</p>			
<p>Entrega de dous exercicios de síntese harmónica, dúas melodías acompañadas, dúas pezas libres e traballo monográfico escrito sobre un tema proposto polo profesor.</p>	<p>Calidade (correcta aplicación de conceptos técnicos estudados, creatividade e musicalidade), puntualidade na entrega e correcta presentación dos traballos, realizados con editor de partituras e/ou de texto.</p>	<p>Todas</p>	<p>100 %</p>
<p>6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA DA AVALIACIÓN CONTINUA, <i>se o alumno SUPERA CATRO FALTAS DE ASISTENCIA</i>, OU AVALIACIÓN CONTINUA CUALIFICADA CON SUSPENSO)</p>			
<p>Entrega de traballos prácticos baseados en melodías acompañadas, exercicios de síntese harmónica e pezas libres, así como resúmenes teóricos/traballo monográfico. Todos estes traballos serán plantexados ó longo do cuadrimestre. Os arquivos e as diferentes datas de entrega iranse publicando no Aula Virtual da asignatura.</p>	<p>Calidade (correcta aplicación de conceptos técnicos estudados, creatividade e musicalidade), puntualidade na entrega e correcta presentación dos traballos, realizados con editor de partituras e/ou de texto.</p>	<p>Todas</p>	<p>100 %</p>
<p>6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA</p>			
<p>Entrega de traballos prácticos baseados en melodías acompañadas, exercicios de síntese harmónica e pezas libres, así como resúmenes teóricos/traballo monográfico. Todos estes traballos e as súas datas de entrega serán plantexados ó longo do cuadrimestre correspondente na Aula Virtual da asignatura.</p>	<p>Calidade (correcta aplicación de conceptos técnicos estudados, creatividade e musicalidade), puntualidade na entrega e correcta presentación dos traballos, realizados con editor de partituras e/ou de texto.</p>	<p>Todas</p>	<p>100 %</p>
<p>OBSERVACIÓNS</p>			
<p>Para coordinar a realización e a entrega dos traballos propostos para a avaliación ordinaria (adianto de convocatoria), avaliación alternativa e convocatoria extraordinaria o alumno contactará obrigatoriamente co profesor ó comezo de cada cuadrimestre por correo electrónico (aula.ait.alumnos@gmail.com).</p> <p>Todas as ferramentas de avaliación valoraranse de 0 a 10.</p> <p>En cada unha das ferramentas de avaliación a nota mínima a acadar para facer a valoración final ponderada sera de 5.</p> <p>É obriga do alumno prestar atención aos exercicios e instrucións que se publiquen no Aula Virtual ó longo do cuadrimestre.</p> <p>Para obter Matrícula de Honor será preciso obter un 10. En caso de haber dous ou máis alumnos nesta circunstancia será de aplicación a normativa vixente pola que só un de cada 20 alumnos dun mesmo curso pode recibir esta distinción. A decisión neste caso corresponderá ao profesor, que valorará o traballo de todo o cuadrimestre para escoller o mellor candidato.</p>			



7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	
DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.</p> <p><i>Asimesmo terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</i></p>	<p>Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación</p>

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS
<p>Bibliografía básica</p> <p>DE LA MOTTE, D.: <i>Armonía</i>. Labor. 1989 DESSPORTES, Y. y BERNAUD, A.: <i>Manual práctico para el reconocimiento de los estilos desde Bach a Ravel</i>. Real Musical. 2000 GAULDIN, R.: <i>La Práctica Armónica en la Música Tonal</i>. Akal. 2009 PANKHURST, T.: <i>SchenkerGUIDE</i>. Taylor&Francis. 2008 SCHÖNBERG, A.: <i>Fundamentos de la composición musical</i>. Real Musical. 1994 TOCH, E.: <i>Elementos constitutivos de la música</i>. Idea Books. 2001</p> <p>O resto de referencias bibliográficas, materiais para o estudo e realización dos exercicios, e os documentos complementarios da materia atópanse no repositorio/drive da asignatura que é accesible por todos os alumnos matriculados na mesma.</p>